

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 6 DE XULLO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día seis de xullo do dous mil vinte, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión extraordinaria convocada para dito día ás nove horas, dando comezo ás nove horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez, D. Manuel Rodríguez Martínez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

ORDE DO DÍA:

AMPLIACIÓN DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DE 8 DE XUÑO DO 2020 SOBRE SOLICITUDE SUBVENCIÓN DO IDEA.

Dase conta das propostas da Alcaldía que sinalan:

“Con data de 19 de xuño de 2020 remítese por parte do IDAE a este concello un requirimento para ampliar o acordo de pleno do 8 de xuño de 2020 de

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (III)-ZONA URBANA

Proponse ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

Aprobar de forma expresa:

Primeiro: A participación e aceptación expresa do procedemento regulado segundo o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o anterior

Segundo: As actuacións que compoñen o proxecto singular a subvencionar son as recollidas na memoria: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (III) -ZONA URBANA redactado por D. Alfonso Fernández Losada, con DNI 34257349E Enxeñeiro Industrial de Abante Enxeñería S. LP e que se achega como anexo a este acordo.

A dotación orzamentaria para levala a cabo ascende a 1.554.960,72 €.

Terceiro: Adoptar o compromiso de acometer a actuación obxecto da solicitude de axuda, condicionada á obtención de cofinanciamento FEDER necesaria.

Cuarto: Adoptar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto exposto, no caso de que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria. “

“Con data de 19 de xuño de 2020 remítese por parte do IDAE a este concello un requirimento para ampliar o acordo de pleno do 8 de xuño de 2020 de SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (II)-ZONA NON URBANA

Proponse ao Pleno da Corporación o seguinte ACORDO:

Aprobar de forma expresa:

Primeiro: A participación e aceptación expresa do procedemento regulado segundo o o Real Decreto 616/2017, do 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o

paso a unha economía baixa en carbono no marco do programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020 e o Real Decreto 316/2019, do 26 de abril, polo que se modifica o anterior

Segundo: As actuacións que compoñen o proxecto singular a subvencionar son as recollidas na memoria: RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (II) -ZONA NON URBANA redactado pr D. Alfonso Fernández Losada, con DNI 34257349E Enxeñeiro Industrial de Abante Enxeñería S. LP e que se achega como anexo a este acordo.

A dotación orzamentaria para levala a cabo ascende a 1.806.399,93 €.

Terceiro: Adoptar o compromiso de acometer a actuación obxecto da solicitude de axuda, condicionada á obtención de cofinanciamento FEDER necesaria.

Cuarto: Adoptar o compromiso de habilitar crédito suficiente para financiar o proxecto exposto, no caso de que o mesmo resulte seleccionado nesta convocatoria.”

Intervén o Sr. Alcalde falando do que se trata neste Pleno é unha ampliación do acordo adoptado xa pero máis detallado.

Votación da urxencia, aprobando a mesma por unanimidade dos concelleiros presentes.

Sometido o asunto a votación, apróbase por unanimidade dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Mixto.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as nove e dez minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,